



**CONCELLO
DE CARIÑO**



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA)
CELEBRADO O DÍA 2 DE OUTUBRO DE 2020**

ASISTENTES

ALCALDE

José M. Alonso Pumar

CONCELLEIROS/AS

GRUPO P.S.deG-PSOE:

Jonathan I. Miranda Lucas
Alberto Iglesias Fraguela
M^a José Fraguela López
Ana I. Fachal Fraguela
Ana B. Gómez Aneiros
Carmen del Río Fraguela

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día dous de outubro de dous mil vinte, reúnen-se os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde, José Miguel Alonso Pumar. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben

GRUPO PP:

Ana M^a López Fernández
José Luís Pérez Pérez

GRUPO MIXTO:

X. Uxío Cerecedo González

AUSENTES:

M^a Elisa Rodríguez Cornide

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA :

Ausente

ORDE DO DIA:

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07/08/2020**
- 2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 227/2020 DE 03/08/20 ATA O 401/2020 DE 28/09/2020**
- 3°.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARIÑO Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP**

Avenida da Paz, 2 - 15360 Cariño (A Coruña)

Telf. 981 405 064 - Fax. 981 405 029 - concello@concellodecarino.gal

www.concellodecarino.gal – www.visitacarino.gal



4º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DA SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2020/005/000002 (CONTRATO MIXTO DE MELLORA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO TERMO MUNICIPAL DE CARIÑO)

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DE DÍAS INHÁBILES LOCAIS PARA O ANO 2021

7º.- MOCIÓNS

8º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POLA CONCELLEIRA MARIA JOSE FRAGUELA LÓPEZ

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

.....
1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 07/08/2020.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), o Alcalde pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión anterior, de 07/08/2020, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

A acta é aprobada por unanimidade dos membros presentes na sesión, coa abstención de José Luís Pérez Pérez por non asistir á mesma.

2.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 227/2020 DE 03/08/20 ATA O 401/2020 de 28/09/2020

O Pleno quedou enterado dos Decretos de Alcaldía de referencia.

3º.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ADHESIÓN DO CONCELLO DE CARIÑO Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP

Visto el dictamen de la Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, de fecha 29/09/2020, que dice:

ANTECEDENTES

PRIMERO: *La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de Gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de Contratación al*

amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 1.35 de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de Racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local.

La Central de Contratación de la FEMP se rige por lo dispuesto en los artículos 227 y siguientes de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

SEGUNDO: *El Ayuntamiento de Cariño está interesada/o en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.*

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 de la referida Ley 9/2017 y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la Central de Contratación de la FEMP, A C.I de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, por tres votos a favor do grupo municipal do PsdeGa-PSOE, e unha abstención do Grupo Mixto emite o seguinte

DICTAMEN:

PRIMERO: *Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.*

SEGUNDO: *Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales”.*

O Alcalde explica que esta adhesión está motivada para poder acceder a determinados contratos de interese municipal, pero sen vulnerar a posibilidade de que calquera empresa de subministros locais se vexa perxudicada, falando sobre todo, de acadar un mellor prezo na enerxía eléctrica.

Uxío Cerecedo cre que se lle vai a poñer máis difícil ás pequenas empresas competir, xa que a maioría das empresas que se poden acoller a estes contratos son grandes. Indica que se esta adhesión é soamente para poder acollerse ao contrato de subministro eléctrico que non hai empresas pequenas nin locais, pero que iso faría ter que confiar na boa vontade do goberno local. Cre que en determinados contratos se pode aforrar a través da Femp, pero que en outros, se pode perxudicar ás empresas locais e ao Concello.

Ana M^a López pregunta se a adhesión sería a todas as contratacións da Femp, e o Alcalde contesta que en principio sería para licitar o subministro de enerxía eléctrica.

Ana M^a López pregunta se as obras irían por este sistema, e o Alcalde resposta negativamente, que as obras se licitan polo Concello.

Jonathan Miranda explica que na provincia da Coruña hai 47 Concellos que están a facer acordos marco de subministro, que agora mesmo hai tres activos, o de subministro de enerxía eléctrica, o subministro de gas e o cobro por vía executiva de taxas e multas. Que o que soe sacar a Femp son subministros dese tipo, que nunca van a ser obras específicas dun Concello, soen ser para subministros



moi grandes, como gas, gasóleo, enerxía eléctrica, etc.... E que cada Concello accede a cada concurso de forma voluntaria.

Uxío Cerecedo comenta que o Concello non ten porque ir a todos os concursos, pero que lles parece que se nun futuro aparece unha empresa local de gas, gasóleo ou enerxía eléctrica, que sería interesante que puideran acceder a estas licitacións.

O Alcalde agradécelle a Uxío Cerecedo as súas palabras de apoio á xente local.

O Pleno Corporativo, por sete votos a favor do PSG-PSOE, dúas abstencións do Partido Popular e un voto en contra do Grupo Mixto

ACUERDA:

PRIMERO: Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

SEGUNDO: Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

TERCERO: Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos.

4º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA RATIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DA SECRETARÍA DO XULGADO DE PAZ

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, de data 29/09/2020, que di:

Visto o Decreto Alcaldía 334/2020, de 12/08/2020 que literalmente di:

“En data 12/08/2020 María Pilar Armada Ramil, con DNI nº 33.281.098-Y presenta a súa renuncia como Secretaria do Xulgado de Paz do Concello de Cariño, con efectos do día 14/08/2020.

Visto que tendo presente o feito de que é necesario nomear persoa idónea para o desempeño das funcións propias da Secretaría do Xulgado de Paz.

Visto que nos Xulgados de Paz de municipios de menos de 7.000 habitantes, o Concello nomeará unha persoa idónea para o desempeño da Secretaría e o comunicará ao Ministerio de Xustiza para a súa aprobación.

Visto que de conformidade co artigo 51 da Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial, nos xulgados de paz prestaráse o servizo polo persoal dependente do Concello, sen prexuízo da normativa aplicable ao exercicio da súa función.



Considerando que se fixeron xestións entre o persoal para coñecer se puidera estar interesado algún/ha empregado/a municipal, non estando interesado/a ningún/ha en dito posto.

Visto o informe xurídico de secretaría de data 12/08/2020.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría obrante no expediente, e de conformidade co establecido no artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aceptar a renuncia presentada en data 12/08/2020 por María Pilar Armada Ramil, con DNI nº 33.281.098-Y como Secretaria do Xulgado de Paz do Concello de Cariño, con efectos do día 14/08/2020.

SEGUNDO: Propoñer a M^a Vicenta Galdo Painceira, con DNI nº 72.690.453-B, como Secretaria do Xulgado de Paz por considerar que a mesma é persoa idónea para o desenvolvemento das funcións propias do cargo.

TERCEIRO: Comunicar a citada proposta ao Ministerio de Xustiza a efectos da súa aprobación, tal e como establece o artigo 50.3 da Lei 38/1988, de 28 de decembro, de Demarcación e de Planta Xudicial”

A C.I de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: Ratificar o Decreto Alcaldía 334/2020, de 12/08/2020.

SEGUNDO: De conformidade co disposto no artigo 39.1 da Leri 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP, a presente resolución producirá efectos dende o día a data en que se dite, isto é, dende o 12/08/2020.

TERCEIRO: Remitir o presente acordo á Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia”.

O Alcalde explica que os traballadores do Xulgado de Paz son contratados de conformidade con unhas leis bastante antigas, e esas contratacións están visadas por Xustiza. Que neste caso hai un proceso aberto para cubrir a secretaría do xulgado de paz, que se fixo por Decreto Alcaldía, procedendo a súa ratificación en Pleno.

Uxío Cerecedo comenta que reciben unha gratificación ridícula ao trimestre, pese a que están a facer un traballo moi importante para o Concello, que teñen constancia de que as actuais traballadoras o están a facer moi ben. Solicítalle ao Alcalde que inste á Xunta de Galicia a que se revise o que se lle paga ás traballadoras do xulgado ou buscar unha fórmula legal para que o Concello poida compensar a estas persoas.

O Alcalde comenta que atopar a xente de valía nestas condicións que é un milagre, xa que non soamente fan o traballo ordinario, senón que tamén teñen que vir fóra da súa xornada, por exemplo, cando hai vodas os fines de semana, agás que se delegue a celebración nun/nunha concelleiro/a.

Ana M^a López pregunta se este cargo de secretaria do xulgado se non ten que ser ocupado por persoal municipal.

O Alcalde resposta que preferentemente a lei dí que si, pero se non é posible, que hai que buscalos en Xustiza ou na rúa.

Pregunta Ana M^a López se este proceso se fixo público.

O Alcalde explica que primeiro se pregunta ao persoal municipal, e que para a elección a lei fala de “persoa idónea”, indicando que a anterior xuíza de paz recomendou á actual traballadora. Que agora ten que dar o visto bo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ana M^a López comenta que se se fai pública, que igual se presentaba outra persoa.

O Alcalde dille que ten que existir un proceso reglado e que non o hai, que o Concello propón á persoa idónea e que despois confirma o Tribunal Superior de Xustiza.

Jonathan Miranda explica que o Pleno ratifica esa proposta, que o xulgado está a funcionar ben e que a xente está contenta.

En base ao anteriormente exposto, o Pleno Corporativo por oito votos a favor dos grupos municipais do PSG-PSOE e Grupo Mixto e dous votos en contra do Partido Popular,

ACORDA:

PRIMEIRO: Ratificar o Decreto Alcaldía 334/2020, de 12/08/2020.

SEGUNDO: De conformidade co disposto no artigo 39.1 da Leri 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das AAPP, a presente resolución producirá efectos dende o día a data en que se dite, isto é, dende o 12/08/2020.

TERCEIRO: Remitir o presente acordo á Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN 2020/005/000002 (CONTRATO MIXTO DE MELLORA E RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR DO TERMO MUNICIPAL DE CARIÑO)

Visto o ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Servizos Básicos, Infraestruturas, Desenvolvemento Local e Turismo, de data 29/09/2020, que di:

“Vista la memoria técnica complementaria-plan director de alumbrado público del Ayuntamiento de Cariño, de fecha 02/03/2020. La actuación de reformado del alumbrado del municipio de Cariño está cofinanciado con cargo al Programa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020, con una aportación del 80%, y de un valor total de 802.821,21 € (IVA incluido).

Vista la providencia de Alcaldía de 10/06/2020, de inicio del correspondiente procedimiento de contratación.

Vistos los pliegos de cláusulas administrativas y de prescripciones técnicas de fecha 23/09/2020, para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cariño, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación, tramitación ordinaria (expdte 2020/C005/000002).

Visto el informe del Técnico municipal en el que se justifica la no división en lotes del expediente de contratación, de fecha 23/09/2020.

Visto el informe conjunto de secretaría e intervención de fecha 23/09/2020.

Visto el informe de crédito de la Intervención municipal de fecha 23/09/2020.

Despues de examinar la documentación allegada, de conformidad con lo establecido en el art. 116 y en la disposición adicional segunda de la Ley 9/2017, de Contratos del Sector Público,

La Comisión Informativa de Urbanismo, Servicios Básicos, Infraestructuras, Desenvolvemento Local e turismo, por unanimidad de sus miembros, emite el siguiente

DICTAMEN:

PRIMERO: Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto, varios criterios de adjudicación , tramitación ordinaria, para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cariño (expdte 2020/C005/000002), por el precio de 640.091,95 € más el IVA del 21% por importe de 134.419,31 €, lo que da una cantidad total de 774.511,26, y con un valor estimado de 640.091,95 €.

SEGUNDO: Aprobar la no división en lotes del presente contrato, en base al informe justificativo del técnico municipal de fecha 23/09/2020.

TERCERO: Aprobar los correspondientes pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato y el proceso de adjudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo a la partida presupuestaria 165.61900 (2020 proyecto 2, proy 13) del presupuesto municipal del ejercicio 2020, el gasto que para este Ayuntamiento representa dicha contratación.

QUINTO: Publicar el corresponde anuncio en la Plataforma de Contratos del Sector Público y en el Diario Oficial de la Unión Europea”

O Alcalde explica que esta licitación ten que ver coa subvención do IDAE da Unión Europea, e o obxecto é renovar o alumbrado exterior municipal con LEDS, máis de 1.500 lámpadas. Que este proxecto supón unha revisión da redución de CO2, incluíndo a dixitalización de todos os cadros, xa que as farolas e

as avarías van a ser controladas dende dispositivos móbiles. Engade que a redución económica se estima en arredor de 70.000 euros anuais, segundo a auditoría elaborada ao respecto.

Uxío Cerecedo comenta que van a votar a favor, xa que estiveron de acordo no seu día coa petición da axuda.

Ana Mª López di que eles tamén van a votar a favor.

Jonathan Miranda explica que se trata de unha das inversións máis grandes de esta legislatura ou década, tratándose dunha modernización do alumeadado público, e supoñendo un aforro enerxético e económico.

O Alcalde di que tamén haberá outro tipo de aforro económico vinculado ao mantemento, xa que as avarías son menores nos alumeados novos que nos antigos. Engade que os pregos son moi estritos en cantos ás garantías e ás condicións que se impoñen, e que a empresa adxudicataria terá que elaborar os boletíns e adaptar todos os contratos á potencia resultante.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros presentes

ACORDA:

PRIMERO: Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimientto abierto, varios criterios de adjudicación , tramitación ordinaria, para la licitación del contrato mixto de mejora y renovación del alumbrado público exterior del término municipal de Cariño (expdte 2020/C005/000002), por el precio de 640.091,95 € más el IVA del 21% por importe de 134.419,31 €, lo que da una cantidad total de 774.511,26, y con un valor estimado de 640.091,95 €.

SEGUNDO: Aprobar la no división en lotes del presente contrato, en base al informe justificativo del técnico municipal de fecha 23/09/2020.

TERCERO: Aprobar los correspondientes pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que regirán el contrato y el proceso de adjudicación.

CUARTO: Autorizar con cargo a la partida presupuestaria 165.61900 (2020 proyecto 2, proy 13) del presupuesto municipal del ejercicio 2020, el gasto que para este Ayuntamiento representa dicha contratación.

QUINTO: Publicar el corresponde anuncio en la Plataforma de Contratos del Sector Público y en el Diario Oficial de la Unión Europea”

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CALENDARIO DE DÍAS INHÁBILES LOCAIS PARA O ANO 2021.

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, de data 29/09/2020, que di:

“O artigo 30, apartado 7, da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, establece que a Administración Xeral do Estado e as Administracións das Comunidades Autónomas, con suxeición ao calendario laboral oficial, fixarán, no seu respectivo ámbito, o calendario de días inhábiles a efectos do cómputo de prazos. O calendario aprobado polas Comunidades Autónomas comprenderá os días inhábiles das entidades que integran a Administración Local correspondente ao seu ámbito territorial, ás que será de aplicación.

Vista a necesidade de elaborar o calendario de días inhábiles para o ano 2021, xa que a Consellería de Emprego remitiu a esa entidade local oficio de 24/09/2020 requirindo a este Concello para que antes, do vindeiro 30/10/2020, se lles remitira dita información.

A C.I de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte

DITAME:

PRIMEIRO: *Declarar como días festivos locais, e polo tanto, inhábiles, o 16 de xullo de 2021 e o 24 de agosto de 2021, respectivamente.*

SEGUNDO: *Ordear que se publique a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, e que se notifique aos distintos departamentos, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma”*

Non suscitándose debate, O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros presentes,

ACORDA:

PRIMEIRO: Declarar como días festivos locais, e polo tanto, inhábiles, o 16 de xullo de 2021 e o 24 de agosto de 2021, respectivamente.

SEGUNDO: Ordear que se publique a presente resolución no taboleiro de anuncios electrónico do Concello, e que se notifique aos distintos departamentos, así como ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

7º.- MOCIÓNS

Non se presentaron mocións na presente sesión plenaria.

8º.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA PRESENTADA POLA CONCELLEIRA MARIA JOSE FRAGUELA LÓPEZ

Visto o ditame da Comisión Informativa de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia, de data 29/09/2020, que di:



“Visto o escrito presentado en data 28/09/2020 pola concelleira m^a José Fraguela López, renunciando á súa condición de concelleira do Concello de Cariño, cargo que exerce na actualidade e do que tomou posesión na sesión constitutiva da Corporación de data 15 de xuño de 2019, ao ser proclamada electa coa candidatura presentada polo Partido Socialista de Galicia, na que ocupaba o posto número tres (3), e de conformidade co previsto na lexislación electoral e de réxime local, así como na Instrucción da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, de 10 de xullo de 2003.

Visto o informe de secretaría de data 28/09/2020.

PRIMEIRO: Tomar coñecemento, para a súa efectividade, da renuncia formulada por María José Fraguela López en data 28/09/2020 á súa condición de concelleira do Concello de Cariño e a todos os demais cargos que exerce, derivados desta condición.

SEGUNDO: Comunicar este acordo á Xunta Electoral Central para que expida a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato seguinte.

A C.I de Facenda, Cultura, Deporte, Mocidade e Transparencia toma coñecemento da renuncia presentada pola concelleira”.

Toma a palabra o Alcalde, comenta que a renuncia da concelleira se circunscribe a razóns estritamente persoais, de ámbito privado, que a van a botar de menos xa que foi moi boa compañeira durante estes cinco anos, e que lle desexan o mellor. Que fala en nome non soamente do equipo de goberno, que foi unha persoa leal ao Concello de Cariño e que cre que toda a cidadanía o ten que agradecer, e que ogallá en todas as ideoloxías houbera concelleiras coa súa vocación.

O Alcalde dalle a palabra a M^a José Fraguela, ésta dalle as grazas a todos e todas, di que levan cinco anos de batallas, que ela é unha persoa esixente con ela mesma, e que debido ás súas circunstancias persoais e tamén aos tempos actuais do COVID, que non pode seguir ao nivel que o estaba a facer. Dalle as grazas a todos e todas polo seu respecto e cordialidade.

O Pleno corporativo toma coñecemento da renuncia de dita concelleira.

Sendo as 20 horas e 30 minutos, M^a José Fraguela abandona o seu asento, e sitúase xunto ao público asistente á sesión.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

Uxío Cerecedo formula as seguintes **PREGUNTAS:**

-Pregunta novamente polo tema de Costas e Portos.

O Alcalde comenta que fai pouco tiveron unha videoconferencia co Secretario de Estado de Medio Ambiente por dito tema. Explica que con respecto ás concesións de Costas, que había dúas en período de renovación, e que o Estado comenta que non hai ningún problema para renova-las, que son as de viveiros na ría. E que Costas non afecta nin aos inmobles nin ás fábricas.

Que en relación a Portos, que se acaban de nomear os cargos novos, aínda que a Presidenta segue sendo a mesma. Que en marzo, antes do tema do COVID, que tiveron unha xuntanza con eles e que tiñan boa predisposición, comentando que estaban a facer o plan de usos de cada un dos portos, reclamando que os Concellos ahí tiveran opinión. E que se vai a continuar o diálogo con eles.

-Uxío Cerecedo pregunta pola reversión da concesión de Portos a Costas.

O Alcalde di que, consultado tamén o tema co Secretario de Estado, que dicía que non observaban problema na reversión, sempre que o Concello de Cariño se fixera cargo, pero que era un asunto que tiña que pasar pola aprobación do Consello de Ministros, previo informe da Abogacía do Estado, e concedéndolle audiencia á Xunta de Galicia, como parte interesada. Que ten que existir vontade sobre todo do Estado, xa que se trata de revertir unha transferencia. Engade que Costas pedía un compromiso firme de que o Concello de Cariño se fixera cargo ao día seguinte dos terreos da reversión, e é algo que a día de hoxe xa se está a facer.

-Uxío Cerecedo pregunta se se está a traballar no tema da xestión de residuos, xa que eles propoñen outras alternativas a Sogama , co obxecto de reducir gastos para o Concello.

O Alcalde explica que o ideal sería levar a cabo unha xestión comarcal, pero que a idea non acaba de arrancar. Que en canto ao compostaxe, que hai unha liña da Xunta de Galicia, financiada con fondos europeos, para subvencionar entre todas as Administracións públicas arredor do 80%, e que ten que ver coa posta en funcionamento do contenedor marrón relativo á materia orgánica, e que teñen intención de ir cara ese modelo. Que teñen dúbida do que vai a pasar cando iso o comecen a facer todos os Concellos, porque é probable que suban as taxas de Sogama.

Uxío Cerecedo insiste en que se traten de buscar alternativas diferentes.

-Pregunta polo tema do Xulgado de Paz. Pide que se trate de incrementar a dotación económica para ampliar horarios e salario das traballadoras. Comenta que en Ortigueira teñen o xulgado aberto todo o día, e que non queren atender a xente de Cariño.

O Alcalde di que o problema é que a lei que regula o xulgado de paz é moi antiga, e non se adapta á realidade actual. O persoal do xulgado recibe unha gratificación de Xustiza que ascende a 100 euros ao mes, e non cotizan á Seguridade Social, e que se trata máis ben dun tema vocacional. Que o que comenta Uxío que se trata dunha posibilidade, pero que para iso hai que aprobar a RPT, senón sería moi difícil.

-Uxío Cerecedo pregunta como está o tema da Relación de Postos de Traballo.

O Alcalde comenta que se vai a retomar a negociación, porque resulta necesario. Que cando chegaron ao Concello que había sete operarios e que agora, entre falecementos e xubilacións, que quedan soamente dous.

A portavoz do Partido Popular formula as seguintes PREGUNTAS:

-Comenta a preocupación dos veciños polo estado da auga xa que ven revolta, e pregunta se se vai facer algo ao respecto.

O Alcalde comenta que se limpou este ano, que non hai que confundir que este mal a auga coa turbidez, que se toman mostras da auga todos os días e que se fan controles diariamente en todos os depósitos. Que estes parámetros miden as características que ten que cumprir a auga, e que unha das cuestións que mais da a lata é o ferro, e como consecuencia disto, houbo que instalar un sistema moi costoso na depuradora para eliminar o ferro. Que a cuestión é máis de cor que de cumprir a norma, xa que a normativa se cumpre.

Alberto Iglesias di que pode haber algunha zoa, que por algunha circunstancia, a auga saia marrón.

Ana M^a López comenta que na zona máis antiga do pobo sae marrón.

- Ana M^a López traslada a queixa dos veciños en relación co Punto de Atención á Infancia, xa que os pais se queixan de que teñen que pagar taxas polo segundo fillo, sendo que dende a Xunta de Galicia existen unhas axudas ás que non se acolleu o Concello.

O Alcalde explica que a Xunta de Galicia aprobou en abril o proceso de que o segundo fillo tivese a escola infantil gratuíta, e que os Concellos podían adherirse a esa circunstancia ou non, e que o Concello de Cariño o fará.

Engade que o problema é que non se falaba con claridade dos Puntos de Atención á Infancia, facéndose unha consulta dende a Fegamp, xa que a Orde da Xunta era confusa. Que o que querían moitos Concellos era que a segunda matrícula fora gratuíta, non o segundo fillo, e iso son dúas cousas ben diferentes. Que a Xunta de Galicia enviou unha nota aclaratoria o pasado día 28, o Alcalde le dita circular, coa conclusión de que esta medida beneficiaría ao segundo fillo, sempre e cando sexa menor de 18 anos.

Comenta que o Concello se vai a adherir, pero que resulta necesario levar a Pleno a modificación da Ordenanza.

Ana M^a López dille que intenten facelo o máis rápido posible.

O Alcalde explica que o Concello cobra as taxas, e que este ano baixou moito a recadación, case a metade. Comenta que dos 18 ou 19 usuarios, que hai 11 ou 12 que non pagan, e que un número importante dos restantes que pagan 15 ou 16 euros. E que a matrícula tena que pagar todo o mundo por unha soa vez.

Ana M^a López pregunta se o que está pendente de pago vai a quedar paralizado ata que se modifique a Ordenanza.

O Alcalde resposta que se trata de unha cuestión voluntaria do Concello, pero que se van a acoller, e que existe o compromiso da Xunta de Galicia de revertir nos Concellos a parte que os usuarios non pagan polo segundo fillo.

Jonathan Miranda comenta que hai que revisar as normas, xa que en atención educativa o que establece a norma e que por exemplo, nunha galiña azul, que se paga o comedor.



- Ana Mª López traslada as continuas queixas sobre a mala sinalización do centro do pobo, chegando os veciños a poñer folios en determinados puntos coas indicacións para os turistas. Prega que para o vindeiro ano solucionen este tema.

O Alcalde explica que se vai a actuar en dúas liñas, unha de reforzo á sinalización existente, e outra mandando a google unha serie de incidencias, pero que nesta última parte ten menos fe. Comenta que esa confusión pasa en moitos puntos por temas de GPS que dan erro e levan aos turistas por prados e corredoiras.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte horas e cincuenta e cinco minutos.

O Alcalde

A Secretaria

Asdo.- José M. Alonso Pumar

Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

Asinado dixitalmente